

Texto: **MILAN VUKOTIC**
Ilustracións: **PABLO OTERO**
Tradución: **CRISTINA FERRADÁS**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.
128 páxinas. Ilustracións en color
Dispoñible en:

-Galego: "O príncipe das sombras"
Seteleguas. ISBN 978-84-8464-713-3
-Castelán: "El príncipe de las sombras"
Seteleguas. ISBN 978-84-8464-712-6
Prezo: 15 €

O PRÍNCIPE DAS SOMBRAS

Unha vella historia di que, ás veces, preto das casas deshabitadas, déixase ver unha criatura non máis alta ca un neno. Ninguén viu nunca a súa cara, pero algúns anciáns afirman que de cativos chegaron a ver a súa sombra. Outros aseguran que levaba unha coroa. Por iso a esa criatura se lle coñece como o Príncipe das Sombras. A vella historia tamén di que este ser misterioso estaba buscando a un neno porque precisaba a súa axuda para salvar a alguén. Axudar a quen? Tal vez a unha princesa que vive nun mundo de sombras? Se te adentras nestas páxinas poderás asomarte a ese mundo e coñecer a quen habita nel, un mundo poboado de sombras, moi preto de calquera casa deshabitada.

"O Príncipe das Sombras" é unha historia sobre a amizade e a fantasía; un relato cheo de poesía e de segredos. Dende o punto de vista artístico, as ilustracións de Pablo Otero aportan unha curiosa interpretación do texto, con imaxes moi coloristas e de carácter simbólico, pintadas sobre bandexas de cartón.

MILAN VUKOTIC (Belgrado, 1946)

Director de teatro, pintor e escritor. Como dramaturgo, deseñou numerosos espectáculos infantís. Das súas representacións, libros e cadros, destacan os seres diminutos e de moitas cores que utiliza como personaxes, o que explica o ambiente máxico dos seus relatos. Tamén plasmou o seu propio imaxinario na decoración interior de edificios, fundacións e bibliotecas en Alemaña, Austria, Francia e Portugal. Unha das súas principais afeccións é viaxar polo mundo. E aínda que domina

- **Temática:** amizade e fantasía
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións aplicadas sobre material en relevo; do autor de "Atrapasoños"; do ilustrador de "Mateo" e "ABCdiario", publicados por KALANDRAKA



13 linguas, confesa que o idioma que máis lle gusta de todos é o da infancia, polo seu carácter universal; porque todos os nenos e nenas poden entenderse, independentemente da súa raza, procedencia ou relixión.

PABLO OTERO (Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Expuxo os seus debuxos, esculturas e pinturas en diversas galerías de Ourense. Para KALANDRAKA ilustrou o libro infantil "Mateo" e "ABCdiario", da colección Alfabetos. Colaborou na revista galega de cómic 'Golfinho'. Tamén se relacionou co ámbito teatral, mediante traballos de escenografía, vestuario e cartaces. Recibiu, entre outras distincións, o 1º Premio de Escultura no 'I Salón de Arte Xoven de Ourense' (1992) e un accésit do Premio Lazarillo.

